



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade ↗

31 de xaneiro. Nace Concepción Arenal



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

31 de xaneiro. Nace Concepción Arenal

(Ferrol, 31 xaneiro 1820 - Vigo, 4 febreiro 1893)

Témola sempre presente. En Galicia varias rúas e prazas levan o seu nome. Nas catro provincias. E, o cemiterio no que repousan os seus restos (Pereiró, en Vigo), ten unha entrada presidida por un espectacular monumento na súa honra.

Pero, neste día no que se conmemora o seu nacemento, queremos ter un recordatorio especial para esta inesquecible galega.

Esta escritora, feminista e activista dos dereitos humanos, con 21 anos acudía (de oínte) ás clases da Facultade de dereito (en Madrid), nunha época na que a marxinação da muller era esmagadora; iso si, vestida de home e con identidade falsa, para poder asistir.

Dende moi nova escribe artigos de contido social para distintos periódicos. Durante a súa vida compaxinou a literatura cunha dimensión política, publicando obras a favor dos colectivos máis desfavorecidos, colaborando con institucións benéficas, creando unha sociedade dedicada á construción de casas a prezos alcanzables para a clase obreira, e loitando por mellorar as condicións nas que se atopaban as persoas encarceradas.

As súas ideas feministas (que hoxe serían consideradas moi conservadoras), foron moi avanzadas para o seu tempo. Nas súas obras cuestiona o sistema patriarcal e reivindica a capacidade intelectual da muller e o seu dereito para recibir unha educación que lle permita desempeñar calquera profesión nas mesmas condicións que os homes.

Tivo apoio masculino.

Por unha banda, a influencia dun pai defensor do liberalismo (Ángel Arenal, que acabou sendo perseguido, xulgado e confinado como outros liberais da súa época), con firmes conviccións persoais de loitar polo que cree xusto, e, por outra, contraer matrimonio cun home avanzado para a época (o avogado e xornalista Fernando García Carrasco), que entendía as aspiracións de Concepción e contemplábaa nun plano de igualdade, determinante para que puidese dedicar o seu tempo ás súas inquietudes sociais e humanitarias.

Outra proba máis da importancia de que os homes participen de forma activa no impulso da igualdade de oportunidades para as mulleres.

É a forma segura de chegar a alcanzar unha igualdade real.

Grazas Concepción. Non te esquecemos.